# Acordo do Consello de Goberno do 28 de maio de 2019, polo que se aproba o Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela

## MODIFICACIÓNS

Acordo do Consello de Goberno do 24 de setembro de 2020, polo que se modifica o Anexo I do Regulamento da Universidade de Santiago de Compostela polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela

Anexo I nova redacción por artigos primeiro e segundo.

Acordo do Consello de Goberno do 29 de setembro de 2022, polo que se modifica o Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC

Anexo I nova redacción por artigo único.

Acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2023, polo que se modifica o Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC

Anexo II nova redacción por artigo único.

Acordo do Consello de Goberno do 23 de novembro de 2023, polo que se modifica o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC

Anexo II nova redacción por artigo único.

Acordo do Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2024, polo que se modifica o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela

Anexo II nova redacción por artigo único apartados un e dous.

Acordo do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2025, polo que se modifica o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC
Anexo II nova redacción por artigo único.

Acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2026, polo que se modifica o Anexo I do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC
Anexo I nova redacción por punto único.

Acordo 10/CG, do 19 de xuño de 2026, polo que se modifica o Anexo I do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC
Anexo I nova redacción por punto único.

Véxase a Resolución da Secretaría Xeral do 15-10-2025, pola que se publica as relacións de cargos académicos e de responsablews académicos vixentes no momento de aprobación desta resolución.

O Real Decreto 1086/1989, sobre retribucións do profesorado universitario regula, en relación co complemento específico do profesorado universitario, unha compoñente retributiva singular polo desempeño de cargos académicos, establecendo un elenco de cargos así como a posibilidade de que as universidades regulen outros, equiparándoos para efectos retributivos a algún dos anteriores.

Así mesmo, tras a aprobación do Real Decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios e a instauración de complementos autonómicos, as universidades aprobaron diferentes catálogos de cargos de xestión que, para efectos da acreditación, se asimilan a cargos académicos unipersoais.

Na Universidade de Santiago de Compostela, o 31 de xaneiro de 2017 o Consello de Goberno adoptou un acordo de reorganización e revisión da redución docente e do complemento económico dos cargos académicos na USC, o que supuxo un primeiro paso cara á clarificación do seu tratamento. Aínda así, en virtude do principio de transparencia que debe operar en todas as institucións públicas, enténdese procedente dotar á USC dunha regulación xeral nesta materia que permita diferenciar os cargos académicos como tal, aos que resulta de aplicación o artigo 71 dos estatutos, daqueloutras designacións que, podendo ter un recoñecemento económico e/ou redución docente, non teñen aquel alcance.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno na súa sesión do 28 de maio de 2019 aprobou o seguinte

REGULAMENTO POLO QUE SE ESTABLECE O RÉXIME DE REDUCIÓN DOCENTE E DE RETRIBUCIÓN DE CARGOS E RESPONSABLES ACADÉMICOS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Artigo 1. Obxecto

Esta norma ten por obxecto a regulación do réxime de redución docente e retributivo dos cargos e responsables académicos da Universidade de Santiago de Compostela.

## Artigo 2. Cargos académicos

Son cargos académicos os establecidos como tal na normativa xeral de aplicación, os que se determinen nos Estatutos da USC e aqueloutros nos que se declare a súa equiparación polo

Consello de Goberno, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter conferida inequivocamente, polo seu carácter unipersoal e non pola pertenza a un órgano colexiado, unha potestade de carácter directivo na organización ou na xestión da USC.

- Ter un nomeamento realizado por resolución reitoral

- Levar aparellada unha retribución económica e/ou o recoñecemento dunha redución do encargo docente na planificación académica da USC.

## Artigo 3. Requisitos para o exercicio de cargos académicos

3.1. De conformidade co artigo 71 dos Estatutos da USC, para desempeñar cargos académicos é necesario

a) que o profesorado estea acollido ao réxime de dedicación a tempo completo

b) que o estudantado estea matriculado na modalidade de matrícula ordinaria

c) que o persoal de administración e servizos teña como único emprego o que desenvolva na Universidade de Santiago de Compostela

3.2. En ningún caso se poderá exercer a titularidade de máis dun cargo nin a de calquera deles simultaneamente coa de órganos unipersoais de goberno doutra universidade ou do Consello Superior de Investigacións Científicas e dos seus centros respectivos, ou coa de representante sindical.

## Artigo 4. Clasificación dos cargos académicos

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4.1. Conforme ao establecido no Real Decreto 1086/1989, son cargos académicos unipersoais xerais os seguintes:

- Reitor/a

- Vicerreitor/a e Secretario/a Xeral

- Decano/a e Director/a de Escola Técnica Superior

- Director/a de Departamento e de Instituto Universitario

- Vicedecano/a, Subdirector/a e Secretario/a de Facultade e de Escola Técnica Superior

- Secretario/a de Departamento

4.2. Tamén teñen a consideración de cargos académicos unipersoais os previstos como tal nos estatutos da USC e os que acorde o Consello de Goberno conforme ao establecido neste regulamento.

**Artigo 5. Nomeamento e cese de cargos académicos**

5.1. As propostas de nomeamento de cargos académicos dirixiranse á Secretaría Xeral da USC, que valorará a súa procedencia e daralle o curso que corresponda.

5.2. O nomeamento dos cargos, agás o propio, será realizado polo reitor da USC, mediante resolución reitoral que será publicada no Taboleiro Electrónico Oficial da USC.

5.3. As propostas de perda da condición de cargo e de cese deberán remitirse á Secretaría Xeral da USC, que tramitará a resolución reitoral de cese, cos mesmos requisitos de publicidade que os nomeamentos.

Con carácter xeral, cando se produza o cese da persoa titular do cargo esta continuará en funcións ata o nomeamento da persoa que a substitúa, debendo atender exclusivamente os asuntos de mero trámite.

5.4. A Secretaría Xeral levará un seguimento de cada un dos mandatos. Se fora necesario, proporá ou ordenará a convocatoria de eleccións naqueles ámbitos onde se excedera a duración do mandato.

**Artigo 6. Efectos do nomeamento de cargos académicos**

6.1. Os efectos do nomeamento como cargo académico poderán ser:

a) Retributivos, coa percepción da compoñente singular do complemento específico por desempeño de cargo académico

b) De redución do encargo docente, conforme ao establecido neste regulamento

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O desempeño do cargo poderá dar lugar aos dous efectos sinalados ou unicamente a un deles, segundo quede configurado.

6.2. Quen desempeñe un cargo académico terá dereito a percibir unha compensación polos gastos en que incorra no exercicio do cargo.

**Artigo 7. Creación de novos cargos académicos polo Consello de Goberno**

7.1. O Consello de Goberno, de xeito motivado, poderá establecer outros cargos académicos en función das necesidades de goberno, administración ou xestión da USC.

7.2. O acordo indicará o obxecto da creación, os efectos que se derivan da mesma de conformidade co artigo anterior e a súa asimilación, indicando o tipo de complemento retributivo e/ou de redución docente. Tamén indicará se o cargo ten carácter permanente ou temporal.

7.3. A revogación do cargo polo Consello de Goberno implicará o cese da persoa que o desempeñe.

**Artigo 8. Complemento retributivo**

8.1. De acordo co previsto na regulación xeral, existirán os seguintes complementos retributivos polo desempeño de cargo:

| CARGO ACADÉMICO | CÓDIGOCOMPLEMENTO |
|---|---|
| Reitor | C1 |
| Vicerreitor/a e Secretario/a Xeral | C2 |
| Decano/a e Director/aEscolaTécnica Superior | C3 |
| Director/a de Departamento e deInstituto Universitario | C4 |
| Vicedecano/a, Subdirector/a eSecretario/a de Facultade e deEscola Técnica Superior | C5 |
| Secretario/a de Departamento | C6 |

8.2. O importe deste complementos será o que se determine anualmente na normativa orzamentaria.

**Artigo 9. Redución docente**

Establécense os seguintes tipos de redución docente:

| REDUCIÓN DOCENTE(horas/curso) | CÓDIGO REDUCIÓNDOCENTE |
|---|---|
| | |

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

| | |
|---|---|
| 240 | R1 |
| 150 | R2 |
| 90 | R3 |
| 60 | R4 |
| 40 | R5 |
| 30 | R6 |
| 20 | R7 |

**Artigo 10. Responsables académicos**

10.1. Por resolución reitoral poderán designarse responsables académicos, sen a consideración de cargo académico, nos seguintes supostos:

- Director/a ou subdirector/a en centros propios da USC de estudo e investigación, agás os centros singulares e equiparables.

- Subdirector/a de centros do Sistema Universitario de Residencias (SUR).

- Director/a e subdirector/a de Cátedras Institucionais.

- Representante da USC en empresas, institucións, fundacións, comisións e outros.

- Dirección, presidencia ou coordinación de grupos de traballo ou comisións que se formen na USC

10.2. As persoas designadas terán dereito á compensación polos gastos nos que incorran por razón da súa actuación, logo da aceptación dos mesmos polo órgano do que dependan. No caso de que teñan algún efecto adicional, de redución docente ou retributivo, este deberá figurar na resolución de nomeamento.

10.3. Con carácter ordinario as persoas designadas como responsables académicos deberán ter como única dedicación a da Universidade.

10.4. Darase conta ao Consello de Goberno das designacións que impliquen custo para a USC.

**Artigo 11. Cargos e responsables académicos existentes na actualidade**

11.1. No anexo I figuran os cargos académicos vixentes no momento da aprobación deste regulamento, cos seus correspondentes efectos.

11.2. Para a creación de novos cargos seguirase o procedemento establecido no artigo 5.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

11.3. Terán a consideración de responsables académicos os que no momento da aprobación deste regulamento figuran no anexo II, cos efectos que nel se indican, e aqueles que foran designados ao abeiro do establecido no artigo 10.1 deste regulamento.

### Artigo 12. Rexistro de cargos e designacións

A Secretaría Xeral levará un rexistro actualizado de cargos académicos. Tamén manterá actualizada a relación das designacións efectuadas por resolución reitoral.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

A adecuación ao novo réxime dos cargos e responsables académicos actuais producirase con efectos do día 1 de setembro de 2019.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Os cargos de director/a do Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados da USC (CIEDUS) e das Escolas de Doutoramento actuais continuarán co réxime anterior ata que se produza o nomeamento dos cargos académicos derivados da nova estrutura.

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Este regulamento derroga o acordo do Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017, de reorganización e revisión da redución docente e do complemento económico dos cargos académicos na USC.

## DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor na data da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da USC.

## ANEXO I CARGOS ACADÉMICOS

| CARGO | REDUCIÓN DOCENTE | | CÓDIGOCOMPLEMENTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| | CÓDIGO | HORAS/CURSO | | |
| Reitor/a | R1 | 240 | C1 | |
| Vicerreitor/a | R1 | 240 | C2 | |
| Secretario/a Xeral | R1 | 240 | C2 | |
| Decano/a /Director/a deCentro | R2 | 150 | C3 | |
| Director/a de Escola | | | | |

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| deDoutoramento | R2 | 150 | C3 | |
| Director/a de Departamento | R3 | 90 | C4 | |
| Director/a de Instituto deinvestigación | R3 | 90 | C4 | |
| Vicedecano/aSubdirector /a de Centro | R3 | 90 | C5 | |
| Subdirector/a Escola deDoutoramento | R3 | 90 | C5 | Un por cada sección |
| Secretario/a de Centro | R3 | 90 | C5 | |
| Secretario/a de Escola deDoutoramento | R3 | 90 | C5 | |
| Secretario/a deDepartamento | R3 | 90 | C6 | |
| Secretario/a de Instituto deinvestigación | R3 | 90 | C6 | |
| Valedor/a da ComunidadeUniversitaria | R1 | 240 | C2 | |
| Delegado/a do Reitor para oEnsino Medio erepresentante na CIUG | R1 | 240 | C2 | |
| Adxunto a Vicerreitor/a | R2 | 150 | C3 | |

| CARGO | REDUCIÓN DOCENTE | | CÓDIGOCOMPLEMENTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| | CÓDIGO | HORAS/CURSO | | |
| Delegado de Protección deDatos (DPD) | R2 | 150 | C3 | |
| Director/a de Centro Singular | R2 | 150 | C3 | |
| Comisionado/a para oCampus da Cidadanía | R2 | 150 | C3 | |
| Director/a da Escola dePráctica Xurídica | R3 | 90 | C3 | |
| Director/a do Centro deEstudos Propios | R3 | 90 | C3 | |
| Director/a do Hospital ClínicoVeterinario "Rof Codina" | R2 | 150 | C3 | Acordo coa Fundación Rof-Codina |
| Director/a do Museo deHistoria Natural | R3 | 90 | C4 | |
| Director/a do Xardín Botánico | R3 | 90 | C4 | |
| Director/a do ervatorioAstronómico "Ramón MariaAller" | R3 | 90 | C4 | |
| Coordinador/a científico /a da Rede de Estacións Biolóxicas" da USC (REBUSC) | R3 | 90 | C4 | |

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Director/a do Centro deEstudos e DocumentaciónEuropeos | R3 | 90 | C4 | |
| Coordinador/a da Oficina delgualdade | R3 | 90 | C4 | |
| Coordinador/a do Plan deDesenvolvemento Sostible | R3 | 90 | C4 | |

| CARGO | REDUCIÓN DOCENTE | | CÓDIGOCOMPLEMENTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| | CÓDIGO | HORAS/CURSO | | |
| Director/a Comisario doCentro de BiomedicinaExperimental (CEBEGA) | R3 | 90 | C4 | |
| Director/a do Centro deTecnoloxías para aAprendizaxe | R3 | 90 | C4 | |
| Director/a do IV Ciclo | R3 | 90 | C4 | |
| Director/a de ResidenciaUniversitaria ou ColexioMaior | R3 | 90 | C4 | |
| Subdirector/a, Director /aadxunto/a ou Secretario/a deCentro Singular | R3 | 90 | C5 | Só pode aplicarse a un dos cargos |
| Asesor/a | R4 | 60 | C5 | |
| Dirección de Campus Terra | R2 | 150 | C3 | |

| CARGO ACADÉMICO | REDUCCIÓN DOCENTE | CÓDIGO COMPLEMENTO |
|---|---|---|
| | HORAS/CURSO | |
| Coordinador/a de Diversidade LGBTI+ e Cultural | R3-90 | C4 |

Acordo do Consello de Goberno do 24 de setembro de 2020, polo que se modifica o Anexo I do Regulamento da Universidade de Santiago de Compostela polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo modificado: Anexo I nova redacción por artigos primeiro e segundo.

Acordo do Consello de Goberno do 29 de setembro de 2022, polo que se modifica o Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC.

Artigo modificado: Anexo I nova redacción por artigo único.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2026, polo que se modifica o Anexo I do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC.

Artigo modificado: Anexo I nova redacción por punto único.

Acordo 10/CG, do 19 de xuño de 2026, polo que se modifica o Anexo I do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC.

Artigo modificado: Anexo I nova redacción por punto único.

## ANEXO II RESPONSABLES ACADÉMICOS NA USC

| RESPONSABLEACADÉMICO | REDUCIÓN DOCENTE | | CÓDIGO COMPLEMENTO |
|---|---|---|---|
| | CÓDIGO | HORAS/CURSO | |
| Coordinador/a do Programa "A Ponte" en Lugo | R3 | 90 | C4 |
| Subdirector/a de Colexio Maior ou Residencia | R4 | 60 | C5 |
| Supervisores/as de instalacións de experimentación decría e de subministro de animais de laboratorio (xefeveterinario do animalario) | R4 | 60 | C6 |
| Supervisor/a de Instalación Radiactiva Autorizada (IRA) | R4 | 60 | C6 |
| Director/a Científico/a do Museo Domus do Mitreo | R3 | 90 | C6 |
| Presidente do Comité de Bioética. | R3 | 90 | |
| Secretario/a do Comité de Bioética | R4 | 60 | |
| Delegado/a da USC no Centro Superior de Hostelería deGalicia | R4 | 60 | |
| Director/a do Centro de | | | |

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

| | | | |
|---|---|---|---|
| Estudos e InvestigacionsTurísticas (CETUR) | R4 | 60 | |
| Coordinador/a de Programa de Doutoramento con 10ou + alumnos novos | R4 | 60 | |
| Coordinador/a de Programa de Doutoramento conmenos de 10 alumnos | R6 | 30 | |
| Coordinador/a do Practicum de Mestres | R3 | 90 | |
| Coordinador/a de Área de Coñecemento (máis de 30profesores) | R5 | 40 | |
| Coordinador/a de Área de Coñecemento (16-30profesores) | R6 | 30 | |
| Coordinador/a de Área de Coñecemento (menos de 16profesores) | R7 | 20 | |
| Director/a do Coro Universitario | | | C4 |
| Coordinador/a de grao /máster universitario (titulación exclusiva da USC) | | 60 | |
| Coordinador/a de grao con programas de dobre grao asociados | | 30 h adicionais por cada dobre grao | |
| Coordinador/a xeral de grao/máster universitario (título conxunto, sen coordinador/a local) | | 90 | |
| Coordinador/a xeral de grao/máster universitario (título conxunto, con coordinador/a local) | | 45 | |
| Coordinador/a local de grao/máster universitario (título | | 45 | |

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

| | | | |
|---|---|---|---|
| conxunto, con coordinador/a xeral na USC) | | | |
| Coordinador/a local de grao/máster universitario (título conxunto, con coordinador/a xeral de fóra da USC) | | 60 | |

| RESPONSABLE ACADÉMICO | REDUCIÓN DOCENTE | | CÓDIGO COMPLEMENTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| | CÓDIGO | HORAS/CURSO | | |
| Coordinador/a de área de coñecemento (5-15 profesores) | R7 | 20 | | |
| Presidente/a do Comité de Ética | R3 | 90 | C4 | |

## RESPONSABLES ACADÉMICOS NOUTRAS ENTIDADES

| RESPONSABLE ACADÉMICO | REDUCIÓN DOCENTE | | CÓDIGOCOMPLEMENTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| | CÓDIGO | HORAS/CURSO | | |
| Secretario/a Executivo /ado Grupo Compostela (CGU) | R3 | 90 | C3 | O pago do complementoeconómico faise con cargo aAsociación Grupo Compostelade Universidades (CGU). |
| Director/a do InstitutoTecnolóxico deMatemática Industrial (ITMATI) | R3 | 90 | | |
| Director/a da FundaciónCentro de EstudosEurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (CEER) | R3 | 90 | | |
| Dirección do Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET) | R4 | 900 | | O complemento económico será establecido e financiado pola Fundación Rof Codina. |

| RESPONSABLE ACADÉMICO | REDUCIÓN DOCENTE | CÓDIGOCOMPLEMENTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| | HORAS/CURSO | | |
| Coordinador/a do nodo | | | |

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

| | | | |
|---|---|---|---|
| galego CLARIAH | 120 | --- | |

Este anexo recolle unicamente os responsables académicos que teñan recoñecida redución docente e/ou complemento económico.

Acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2023, polo que se modifica o Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC.

Artigo modificado: Anexo II nova redacción por artigo único.

Acordo do Consello de Goberno do 23 de novembro de 2023, polo que se modifica o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC.

Artigo modificado: Anexo II nova redacción por artigo único.

Acordo do Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2024, polo que se modifica o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo modificado: Anexo II nova redacción por artigo único apartados un e dous.

Acordo do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2025, polo que se modifica o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC.

Artigo modificado: Anexo II nova redacción por artigo único.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.